

FESTA DO MELINDRE DE MELIDE

Melide celebra a súa festa máis doce e especial

Os melindres, ricos e amendoados serán o centro gastronómico da cita»» Haberá un showcooking e obradoiros



Gorka Rodríguez, chef e propietario da Pulpeira de Melide // Cedida

B.C.[MELIDE]

A vila de Melide xa está preparada para celebrar a súa festa máis importante e máis doce, que terá aos melindres, ricos e amendoados como grandes protagonistas xunto a moitas outras actividades. A Festa do Melindre e da Repostaría Tradicional celebrarase entre o 11 e 12 de maio e arrancará ás 11.00 horas coa Feira de Artesanía no Cantón de San Roque e co Espazo Melindre, na praza e rúa do Convento.

Sábado

Mañá as rúas estarán animadas pola charanga Alambique e os máis pequenos desfrutarán de obradoiros. Un deles será un curso infantil de pintura de mandís, a cargo de Leonor Díaz, unha artesá que crea pezas coas mans inspiradas na natureza de Galicia. A súa pequena empresa, Como pez en el agua, ofrece agasallos únicos.

Na praza do convento non faltará tampouco, ás 20.00 horas, un showcooking de man de Gorka Rodríguez, chef e propietario da Pulpeira de Melide. É a cuarta xeración dunha saga de pulpeiros iniciada hai case cen anos polo seu avó arrieiro e a súa avoa, panadeira en Melide. Foi Cociñeiro do ano 2015 de Galicia

e está formado en distintos restaurantes recoñecidos a nivel mundial. Gorka estará acompañado de Pablo Pizarro, de La empanada viajera, e contará coa música en directo da cantautora MJ Pérez. Para degustalo todo, a bebida será auga Cabreiroá e Es-

trella Galicia 00 tostada 6 maltas, aportadas por Estrella Galicia, empresa colaboradora desta actividade.

Domingo

A xornada arrancará coa apertura da Feira de Artesanía de Galicia e

as rúas estarán animadas na xornada dominical polos grupos Froito Novo e Fanfarria Takikardia. Ademais nomearanse aos embaixadores, que neste 2024 son o mestre e pedagogo Paco Veiga e o Museo Terra de Melide, institución que garda a memoria histórica e cultural da vila.

Os adultos desfrutarán nesta

segunda xornada do concerto de Luar na Lubre, o coñecido grupo de música folk nado no ano 86 na Coruña, e os máis pequenos da actuación de Uxía Lambona e a Banda Molona, unha agrupación que recolle os clásicos populares galegos dándolles sempre o seu toque particular.



Pola esquerda, Xosé Igrexas, José Manuel Pérez e Alberto Rodríguez durante a presentación da festa no Fórum Gastronómico de A Coruña // Cedida

<p>Floristería MARU Melide</p> <p>981 507 580 - 607 507 579 floristería.maru@gmail.com María Cabado floristería Maru floristeriamarumelide</p>	<p>Comida saludable Km 0</p> <p>También platos veganos</p> <p>casa alongos</p> <p>Rúa Camiño Vello de Santiago, S/N Melide (A Coruña) T. 981 506 392 / M. 686 312 851 www.casaalongos.com</p>	<p>SANGUIAO</p> <p>SEGUROS - ASESORÍA</p> <p>981 507 878 Principal • 981 506 162 Fax Antonio Prado Díaz, 14 Bajo - 15800 - Melide</p>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

	<p>Cafetería y Pastelería <i>Sabores de tradición</i></p> <p>ESPECIALIDADE EN MELINDRES AMENDOADOS E RICOS</p>	<p>Estilo</p> <p>C/ Progreso, 6 / MELIDE (A Coruña) • T: 981 505 153</p>
--	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------

FESTA DO MELINDRE DE MELIDE



Marcial Mouzo é o pregoeiro das Festas

Será tamén nomeado embaixador xunto ao Museo Terra de Melide e o profesor do IES do concello, Paco Veiga

B.C. [MELIDE]

O presentador e director do programa *Pensando en ti* da Radio Galega, en antena desde 1996, Marcial Mouzo Vidal, será tamén nomeado embaixador da festa do melindre e da repostería tradicio-

nal. O popular presentador será o encargado de pronunciar o pregon da festa, que será o domingo 12 de maio ás 12.00 horas na Praza do convento de Melide.

Marcial Mouzo Vidal naceu en Camariñas en 1961. Empezou no mundo da comunicación na Ra-

Arriba, á esquerda, imaxe dun obradoiro de elaboración de melindres, e á dereita, Marcial Mouzo // CEDIDAS

dio Galega, emisora na que permanece desde 1985 dirixindo e presentando programas de todo tipo: musicais como *Grandes Orquestras*, *Música da terra* ou *A Gramol*, cos que empezou a súa relación co micrófono; o magazine *De troula* os sábados, ou programas-espertador de moito éxito como *Bo día Galicia*, *Alborada* ou *Connosco*, cos que conseguiu importantes recoñecementos.

Máis embaixadores

O Museo Terra de Melide será un dos embaixadores desta nova edición da festa máis doce da vila. Naceu no ano 1978 por iniciativa dun grupo de amigos interesados no estudo, coñecemento e divulgación da cultura e o patrimonio da comarca que lle dá nome. Nun primeiro momento instálase nun baixo d'acasa consistorial, na Biblioteca Municipal, cunha mostra de arqueoloxía castreña e acolle cada verán exposicións de etnografía.

Outro dos embaixadores é

O MUSEO TERRA DE MELIDE NACÍA PARA COÑECER E DIVULGAR A CULTURA E O PATRIMONIO DA VILA

Paco Veiga, profesor de lingua e literatura no IES de Melide. É ademais membro do movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega, e é autor de dúas obras sobre o patrimonio lúdico galego.

Panadería • Pastelería • Cafetería

TOQUES

Pollos asados para llevar | Especialidad en empanadas y tartas variadas

Avda. de Lugo, 31 - Melide • T. 981 505 181
Souto - Toques • T. 981 504 880

Hielos Melide

662 264 293
hielosmelide@hotmail.com

TRISQUEL pastelería

Rúa Doutor Novoa Santos, 32
15800 Melide - A Coruña
T. 981 505 098 - 654 217 798 • Pastelería Trisquel

2 GAFAS GRADUADAS CON ANTIRREFLEJANTE 99€

táborra

CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

Rúa Progreso, 13
Melide
981505199